



DOCUMENTO:

MEMORIA XUSTIFICATIVA

ACTUACIÓN:

**MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

DATA:

MARZO 2023

galicia



1. INTRODUCCIÓN

A presente memoria ten por obxecto xustificar funcionalmente a proposta de modificación da Relación de postos de traballo (RPT) da Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, aprobada por Resolución do 11 de abril de 2022 polo que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (DOG nº 78, do 25 de abril).

A modificación proposta céntrase na necesidade de adecuar a RPT aos cambios operados na estrutura orgánica da consellería polo Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (DOG nº 126, 4 de xullo).

Ademais, proveitase esta modificación para dotar de persoal e para introducir cambios organizativos en postos de traballo de diferentes unidades administrativas coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e eficacia no desenvolvemento das tarefas encomendadas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

1. MODIFICACIÓNS DERIVADAS DA NECESIDADE DE ADECUACIÓN AO DECRETO 118/2022, DO 23 DE XUÑO, POLO QUE SE ESTABECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

1.1 CREACION DUN POSTO DE TRABALLO

O cambio introducido na estrutura orgánica da Consellería polo Decreto 118/2022, do 23 de xuño, circunscribe en exclusiva á Dirección Xeral de Mobilidade e se concreta na creación da **Xefatura de Servizo da Xunta Arbitral de Transportes de Galicia**, baixo a dependencia da Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte, có fin de dotar de maior axilidade a tramitación dos procedementos de resolucións de controversias vinculadas coa actividade do transporte, así como de mellorar a capacidade de resposta na información ao público e ás partes interesadas, co fin de reducir os tempos de tramitación que se incrementaron durante os últimos anos e que afectan tanto a empresas como a usuarios.

Código de posto	Denominación	Nivel	Subgrup	Corpo/ Escala	Ads.Adm	Forma prov
IV.C03.00.001.15770.090	Xefatura de Servizo da Xunta Arbitral de Transportes de Galicia	28	A1-A2	Xeral	AXG	CE

1.2 AMORTIZACIÓNS

O posto creado a través da modificación da estrutura orgánica financíase coa amortización das seguintes prazas:

Código de posto	Centro de destino	Denominación	Nivel	Grupo/cat eg	Corpo	Observacións
IV.C03.00.002.15770.002	Dirección Xeral de Mobilidade	Secretario/a do/a Subdirector/a xeral	16	C1C2	A1	Posto amortizado por decreto de estrutura
IV.C03.00.001.15770.003	Dirección Xeral de Mobilidade	Secretario/a do/a Subdirector/a xeral	16	C1C2	A1	Posto amortizado por decreto de estrutura



1.3. CAMBIO DE DENOMINACIÓN DE POSTO

A Xefatura de Servizo de Autorizacións, Informes e Xunta Arbitral modifica a súa denominación, como consecuencia dos cambios introducidos polo Decreto 118/2022, pasando a denominarse Xefatura de Servizo de Autorizacións, Informes e Apoio Xurídico.

2. OUTRAS MODIFICACIÓNS

2.1 CREACIÓNS

a) **Secretaría Xeral Técnica**

O Decreto 118/2022 do 23 de xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, atribúe á Subdirección xeral de réxime xurídico administrativo, entre outras, as funcións de estudo, tramitación e proposta de resolución de reclamacións, recursos e requirimentos formulados contra os actos e resolucións dictados polos distintos órganos da Consellería, cuando non estén atribuídos a outros órganos da mesma; a instrución, tramitación e redacción de propostas de resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial; a tramitación dos requirimentos e petición formuladas á Consellería polos xulgados, tribunais, Defensor del Pueblo, Valedor do Pobo e outro órganos e institución, así como das queixas e suxestións presentadas polo cidadáns en múltiples materias que recaen no ámbito competencia da consellería.

Polo tanto, á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo correspóndelle resolver os recursos interpostos en materia de mobilidade, de estradas e de augas, ámbitos de competencia que ten atribuída a consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dos que na actualidade hai pendentes de resolución 1.000 expedientes, aproximadamente. Tamén se instrúen, tramitan e resolven as reclamacións de responsabilidade patrimonial interpostas na consellería, das que 600 non acadaron a fase de resolución.

A tolo elo débese engadir o feito de que nos últimos anos produciuse un constante incremento na tramitación das solicitudes por vía telemática por parte da cidadanía, tendencia que como consecuencia da situación de crise sanitaria motivada polo COVID-19 no só se mantivo senón que aumentou de xeito notable.

O aumento das solicitudes por vía telemática así como a axilidade na tramitación deu lugar á reorientación da carga de traballo cara a tramitación electrónica, facilitando a comunicación de terceiros coa Administración e viceversa, o que está a provocar un incremento no volumen de solicitudes e trámites relacionados coas competencias da consellería.

Defensor del Pueblo, Valedor do Pobo e SIACI (Sistema Integrado de Atención á Cidadanía) son as canles polas que se reciben as queixas e suxestións de calquera persoa física ou xurídica relacionadas co funcionamento dos servizos públicos



prestados pola consellería e que esixen unha resposta rápida por parte da Administración. Un total de 550 foron as queixas tramitadas e contestadas ao longo do ano 2022.

Queda exposta a necesidade de dotar a esta Subdirección dun posto de xefatura de Sección coas seguintes características:

Código de posto	Denominación	Nivel	Subgrup	Corpo/ Escala	Ads.Adm	Área funcional
IV.C02.00.003.15770.054	Xefatura Sección Tramitación III	25	A1-A2-C1	Xeral	AXG	XUR

b) Dirección Xeral de Mobilidade

O Servizo da Xunta Arbitral de Transportes de Galicia é a unidade encargada da xestión da Secretaría da Xunta Arbitral de Transportes de Galicia (XATG) e, por tanto, de desenvolver as tarefas de asistencia e apoio á mesma.

A XATG é un órgano extraxudicial de resolución de conflitos regulado por normativa estatal que ten atribuídas entre as súas competencias a de resolver, cos efectos previstos na lexislación xeral de arbitraje, as controversias de carácter mercantil xurdidas en relación co cumprimento dos contratos de transporte terrestre e dos de actividades auxiliares e complementarias, así como funcións en relación co depósito e alleamento de mercadorías.

Pola súa parte, o Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres (ROTT), regula o procedemento arbitral en materia de transporte e desenvolve a composición das xuntas arbitrais, prevendo a existencia dunha secretaria da xunta arbitral e a adscrición a esta do persoal auxiliar que resulte preciso para o seu funcionamento.

A dotación necesaria que se prevé para o seu funcionamento do Servizo da Xunta Arbitral de Transportes de Galicia é o seguinte:

Código de posto	Centro de destino	Denominación	Nivel	Subgrup	Corpo/ Escala	Ads.Adm	Forma prov
IV.C03.00.001.15770.092	Dirección Xeral de Mobilidade	Xefatura de Sección II	25	A1-A2-C1	A1	AXG	C
IV.C03.00.001.15770.095	Dirección Xeral de Mobilidade	Xefatura Negociado	18	A2-C1-C2	A1	AXG	C

A xefatura de sección está previsto que asuma funcións relacionadas coa revisión e cualificación das solicitudes de arbitraje que teñen entrada na XATG e a tramitación da emenda das ditas reclamacións para a fin de estimalas completas e permitir avanzar no procedemento arbitral mediante o seu exame pola secretaria e o propio colexio arbitral. Igualmente, colaborará directamente coa secretaria na preparación das vistas orais



atendendo ás diferentes configuracións do colexio arbitral, e a preparación de documentos do procedemento arbitral cunha limitada estandarización, tales como padróns básicos de laudos arbitrals sobre os que a secretaría trasladará os acordos e motivacións adoptadas polo colexio arbitral. Tamén está previsto que a xefatura de sección participe nos procedementos de depósito e alleamento, con colaboración directa coa secretaría.

Pola súa parte, a xefatura de negociado deberá desenvolver actividades relacionadas co tratamento da información nas aplicacións informáticas que utiliza a XATG, especialmente a aplicación XARBIT, incluíndo o mecanizado de reclamacións procedentes de persoas usuarias non obrigadas a relacionarse dixitalmente coa administración; corresponderá á xefatura de negociado a elaboración de documentos que partan de niveis medios ou elevados de estandarización, tales como os requirimentos de emenda ou citacións, o traslado entre as partes en controversia dos escritos presentados dentro do procedemento, os actos de notificación e recepción de documentos.

Finalmente, tanto a xefatura de sección como a de negociado deberán supervisar a conta xenérica de correo electrónico da XATG (arbitraxe.transportes@xunta.gal), correspondendo preferentemente á xefatura de sección a preparación de contestacións ás consultas e peticións de información que se reciban a través desta vía, e á xefatura de negociado a recepción de información ou documentos referentes a expedientes de arbitraxe xa en tramitación.

c) Xurado de Expropiación de Galicia

A RPT do Xurado, reflicte unha relación de persoal na que se poden distinguir tres tipos de perfís profesionais: perfil técnico que é o perfil profesional dos valoradores de XEG apoiados por dúas xefaturas de sección técnicas (enxeñeiros, arquitectos de grao A1 ou A2); perfil xurídico que é o da asesora xurídica, o da secretaria de XEG, e o das seccións xurídicas do XEG, e finalmente perfil administrativo que é o dos diferentes auxiliares e administrativos que se encargan da tramitación administrativa dos expedientes do XEG (N12 a N18).

Son precisamente os funcionarios de perfil administrativo os que se encargan de tramitar os expedientes do XEG dende a súa entrada polos diferentes rexistros electrónicos e presenciais, así como toda a tramitación de requirimentos, diferentes comunicacións aos interesados, interacción coas administracións expropiantes e cos expropiados, a mecanización informática das distintas pezas ou fincas que compoñen cada expediente a valorar, así como a preparación da documentación administrativa dos



Plenos do Xurado, e as notificacións das resolucións e dos recursos dos distintos expedientes de prezo xusto do XEG.

Outros aspectos importantes das funcións deste persoal é a interacción co Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, no que atinxe á preparación e o envío dos expedientes completos dos que se presentan recursos contencioso-administrativo; o mantemento da páxina Web do XEG e a resposta en liña das distintas consultas dos expropiados ao correo ou teléfono do Xurado. Actualmente, algunhas destas tarefas están a sufrir importantes retrasos na súa tramitación, como consecuencia do aumento considerable do número de expedientes nos últimos anos.

Por outro lado, tal e como xa se apuntou anteriormente, dentro dos perfís técnicos, os valoradores contan co apoio de dúas xefaturas de sección técnica de nivel 25, abertas a arquitecto técnico, enxeñeiro técnico de obras públicas, enxeñeiro técnico forestal e enxeñeiro técnico agrícola (EMA, EMA 1, EME3 e EME4). Na actualidade, o posto con código IV.C04.00.000.15770.045, atópase vacante por xubilación do titular, polo que có obxectivo de facilitar a súa cobertura, se propón unha suba de nivel ata o 26, ampliando, deste xeito o abanico de funcionarios de carreira que poden acceder a este posto, ao ampliarse a súa cobertura a funcionarios de carreira da escala de arquitectos superiores, escala de enxeñeiros especialidade enxeñaría de montes e enxeñaría agrónoma, (ESA, ESE2, ESE5).

Código de posto	Centro de destino	Denominación	Nivel	Subgrup	Corpo/ Escala	Ads.Adm
IV.C04.00.000.15770.044	Xurado de Expropiación de Galicia	Xefatura unidade técnica	26	A1-A2	ESA,ESE2,ESE5,EMA .EME3,EME4	AXG
IV.C04.00.000.15770.034	Xurado de Expropiación de Galicia	Xefatura de negociado administrativo I	18	A2-C1-C2	A1	AXG

2.2 AMORTIZACIÓNS

Os postos cuxa creación se promove nesta modificación da RPT fináncianse con cargo ás dotacións económicas dos seguintes postos vacantes cuxa cobertura non resulta necesaria para o desenvolvemento das competencias da Consellería:

Código de posto	Centro de destino	Denominación	Nivel	Grupo/ca teg	Corpo	Observacións
IV.C02.00.000.15770.051	Secretaría Xeral Técnica	Subalerno/a	10	AP	A1	Tarefas de condución ademais das propias do posto de traballo.
IV.C02.00.000.15770.053	Secretaría Xeral Técnica	Subalerno/a	10	AP	A1	Tarefas de condución ademais das propias do posto de traballo.
IV.C02.00.000.15770.056	Secretaría Xeral Técnica	Subalerno/a	10	AP	A1	Xornada de mañán ou tarde/ Tarefas de condución ademais das propias do posto de traballo.
IV.C04.00.000.15770.045	Xurado de expropiación de Galicia	Xefatura de sección técnica I	25	A2	EMA/EME1/EME 4	
IV.C04.00.000.15770.022	Xurado de expropiación de Galicia	Posto base Subgrupo C2	12	C2	A1	
IV.C04.00.000.15770.023	Xurado de expropiación de Galicia	Posto base Subgrupo C2	12	C2	A1	
IV.C99.10.000.27001.041	Xefatura territorial de Lugo	Posto base Subgrupo C2	12	C2	A1	
IV.C99.10.003.36001.230	Xefatura territorial de Pontevedra	OFICIAL 1º			III (069)	



2.3 CAMBIO DE DENOMINACIÓN E ÁREA FUNCIONAL

Secretaría Xeral Técnica

O amplo abanico de fondos europeos que está a recibir a Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade vai permitir acometer, nos vindeiros anos, importantes investimentos orientados cara a unha transición ecolóxica e dixital xusta.

Desde actuacións que promoven unha economía baixa en carbono e fomentan a mobilidade sostible favorecendo modos de desprazamento non contaminantes e alternativos ao vehículo privado, a medidas de potenciación do uso do transporte público mellorando a súa funcionalidade, comodidade e calidade, centradas na garantía da intermodalidade e mellora das conexións do transporte, pasando por actuacións que permitan mellorar a eficiencia enerxética das instalacións vencelladas ao transporte público como medidas para reducir o consumo enerxético así como a dixitalización dos servizos administrativos que dan soporte ao servizo público de transporte .

A tramitación dos expedientes necesarios para chegar a materializar estas actuacións é un proceso longo e complexo no que se fai preciso a adaptación da xestión orzamentaria e a fiscalización do gasto aos novos modelos de execución e control

Para desenvolver con eficacia e eficiencia a realización das tarefas expostas, tendo en conta a carga de traballo que supoñen, así como a obriga de cumprir uns fitos administrativos e temporais determinados, faise necesario reforzar a área de xestión económica da competencia do Servizo de persoal e xestión económica da Secretaría Xeral Técnica, polo que se propón o cambio de denominación e modificación da área funcional do seguinte posto, vacante por xubilación do seu titular:

RPT ACTUAL				
Cód. Posto	Denominación	Nivel	Subgrupo	Área funcional
IV.C02.00.002.15770.021	Xefatura de Sección de Xestión de persoal	25	A1-A2-C1	PER
MODIFICACIÓN PROPOSTA				
Cód. Posto	Denominación	Nivel	Subgrupo	Área funcional
IV.C02.00.002.15770.025	Xefatura de Sección de Xestión económica e Orzamentaria II	25	A1-A2-C1	ECO

A modificación proposta conleva, ademais, un cambio de denominación do posto Xefatura de Sección de Xestión económica e orzamentaria (cod do posto IV.C02.00.002.15770.024) que pasa a denominarse Xefatura de Sección de Xestión económica e orzamentaria I





2.4 MODIFICACIÓNS DA COLUMNA DE "OBSERVACIÓNS"

Trátase de postos existentes na vixente relación de postos de traballo que estaban a ser ocupados por persoal laboral fixo e indefinido non fixo que, ou ben por xubilación do/a titular ou pola toma de posesión de funcionario/a de carreira que superou un proceso selectivo, deixaron de ocupar os ditos postos desaparecendo así o motivo da lenda que figura na columna de "observacións"

Código do Posto	Denominación	Nivel	Grupo	Observacións
IV.C04.00.000.15770.010	Posto base Subgrupo A1	20	A1	Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo
IV.C99.10.000.27001.044	Posto base Subgrupo C2	12	C2	Ocupado laboral fixo
IV.C99.10.000.32001.045	Posto base Subgrupo C2	12	C2	Ocupado laboral fixo

Santiago de Compostela,

A Subdirectora Xeral de Persoal e Xestión Económica

Laura Basoa Pérez

CONFORME

O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

